

DECRETO DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN DE DOUS POSTOS DE PEÓN AO ABEIRO DA ORDE DO 7 DE XANEIRO DE 2022 (Risga) (código de procedemento TR351F) (DOG núm. 21 do 1 de febreiro de 2022).

En Meis, Dña, Marta Giráldez Barral Alcaldesa-Presidenta deste Concello, dicta a seguinte Resolución:

- Vista a resolución da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de data 1 de xuño de 2022 ao abeiro da *Orde do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) (código de procedemento TR351F)* (DOG núm. 21 do 1 de febreiro de 2022), o Concello de Meis pretende a contratación laboral temporal, durante 9 meses a xornada parcial do 75%, de dous peóns para a obra/servizo *RECUPERACIÓN MEDIOAMBIENTAL*, para a realización de tarefas de limpeza e mellora de espazos públicos, co obxecto de porporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para a súa inserción laboral.

Esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle competen de acordo co artigo 21, g) da Lei reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVE:**

1. Aprobar as bases que rexerán a provisión da contratación de dúas persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e que estean dispoñibles para o emprego.
2. A ocupación a ofertar será a de peón, con carácter de laboral temporal durante nove meses e a xornada parcial do 75%.

Mándao e asíno a alcaldesa, do que, a secretaría DÁ FE.

Documento asinado electronicamente.

